



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O NOMEAMENTO DE 3 FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COA CATEGORÍA DE TÉCNICO EN ORIENTACIÓN LABORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO ILES CONCELLO DE PONTEVEDRA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

VALORACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS ACHEGADOS POR DONA IRENE GONZÁLEZ GONZÁLEZ.-Transcorrido o prazo sinalado para presentar reclamacións contra o resultado provisional do baremo do concurso dos méritos alegados por dona Irene González González publicado o día 30 de marzo de 2012 e, dado que no devandito prazo non se presentou reclamación ningunha pola aspirante interesada o resultado definitivo da valoración dos méritos do concurso relativos a dona Irene González González, é o seguinte:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL	BASE OITAVA										
		1.a	1.b			1.c			1.d	1.e		
			a)	b)	c)	a)	b)	c)		a)	b)	c)
IRENE GONZÁLEZ GONZÁLEZ	1,2	--	--	--	--	0,75	0,3	0,15	--	--	--	--

En consecuencia, non se altera a relación de candidatos que pasan a proba práctica (fase de oposición) regulada na base oitava A.2, nos termos expostos no anuncio publicado o día 30 de marzo de 2012.

INADMISIÓN DOS ESCRITOS DE RECLAMACIÓN CONTRA O RESULTADO PROVISIONAL DO CONCURSO PUBLICADO O 23/03/2012 RECIBIDOS NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO CON POSTERIORIDADE AO 28/03/2012.-Recibidos escritos de reclamación contra o resultado provisional da fase de concurso con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra do 30/03/2012, presentados por dona Ana Sánchez Diz, dona Belén Piñeiro Álvarez e Belén Oblanca Riveiro, este tribunal acorda por unanimidade a non admisión dos mesmos escritos e, polo tanto, non tomar en consideración as súas pretensións posto que non se presentaron no tempo e na forma esixidos para elo por este tribunal, requisitos publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pontevedra e na páxina web do Concello, xunto co resultado provisional da fase de concurso, no anuncio de data 23/03/2012, co teor literal seguinte:

"(...)

*A vista da necesidade de tramitar de xeito urxente o presente proceso selectivo e dar comezo a súa segunda fase (proba práctica) so se terán en conta as reclamacións ou emendas que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra antes da finalización do prazo establecido para elo (é dicir o día 28 de marzo de 2011).*

(...)"

Pontevedra 9 de abril de 2012

A Secretaría do Tribunal,

Patricia Rivadulla Rodal.

